

ESTUDO DO

MERCADO LABORAL

GALICIA



2017

XUNTA DE GALICIA

Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

Xunta de Galicia

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

Instituto Galego das Cualificacións

2018



© Xunta de Galicia. "Estudo do mercado laboral Galicia 2017"

EDITA:

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

ELABORA:

Instituto Galego das Cualificacións

ISSN: 1579 - 5675

URL: <http://emprego.ceei.xunta.gal/publicacions-recursos?>

[p_p=id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_7mMF&p_p=lifecycle=0&p_p=state=normal&p_p=col_id=column-3&p_p=col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_7mMF_content=%2Fopencms%2FTraballo%2FContidos%2FPublicacions%2Fpublicacion_0216.html&activo2=sop4](http://emprego.ceei.xunta.gal/publicacions-recursos?p_p=id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_7mMF&p_p=lifecycle=0&p_p=state=normal&p_p=col_id=column-3&p_p=col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_7mMF_content=%2Fopencms%2FTraballo%2FContidos%2FPublicacions%2Fpublicacion_0216.html&activo2=sop4)

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
1.1.- CONTIDO, METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN.....	1
1.1.1 Perfil sociodemográfico.....	2
1.1.2 Tecido produtivo.....	2
1.1.3 Paro rexistrado.....	3
1.1.4 Contratos.....	4
1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS.....	4
2. ANÁLISE DO MERCADO LABORAL.....	7
2.1.- PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO.....	7
2.1.1.- Poboación.....	7
2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa).....	10
Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. Galicia.....	10
Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. España.....	10
2.2.- TECIDO PRODUTIVO.....	14
2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2016.....	14
2.2.2.- Evolución do número de empresas.....	15
2.2.3.- Evolución do número de traballadores.....	16
2.2.4.- Evolución do número de autónomos.....	17
2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores.....	18
2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores.....	19
2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores.....	20
2.3.- PARO REXISTRADO.....	21
2.3.1.- Parados rexistrados por xénero.....	21
2.3.2.- Parados rexistrados por provincia.....	22
2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado.....	23
2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado.....	24
2.3.5.- Parados rexistrados por idade e xénero.....	26
2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade.....	27
2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo.....	28
2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo.....	29
2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda.....	30
2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda.....	31
2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia.....	32
2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia.....	33
2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación.....	34
2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación.....	37

2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas.....	39
2.3.16.- Perfil tipo do demandante parado en Galicia.....	40
2.4.- CONTRATOS.....	41
2.4.1.- Contratos realizados por xénero.....	41
2.4.2.- Contratos por provincia.....	42
2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por xénero.....	43
2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos.....	44
2.4.5.- Evolución mensual dos demandantes parados e contratados.....	45
2.4.6.- Contratos por idade e xénero.....	46
2.4.7.- Evolución anual da contratación por idade.....	47
2.4.8.- Contratos por nivel formativo.....	48
2.4.9.- Evolución anual da contratación por nivel formativo.....	49
2.4.10.- Contratos por tipoloxía.....	50
2.4.11.- Evolución anual da contratación por tipoloxía.....	51
2.4.12.- Índice de rotación.....	52
2.4.13.- Contratos por sector económicos.....	53
2.4.14.- Evolución anual dos contratos por sectores.....	54
2.4.15.- Contratos por gran grupo de ocupación.....	55
2.4.16.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación.....	56
2.4.17.- As dez ocupacións máis contratadas.....	57
2.4.18.- Perfil tipo do contratado en Galicia.....	58
2.4.19.- Perfil tipo da contratada en Galicia.....	58
3. CONCLUSIÓN.....	59



1. INTRODUCCIÓN

Un ano máis publicamos o “Estudo do mercado laboral de Galicia” correspondente ao exercicio 2017. É esta unha publicación do Instituto Galego das Cualificacións, organismo adscrito á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, segundo queda establecido no Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 18, do 25.01.2018).

A Subdirección Xeral das Cualificacións consta de dúas unidades con nivel orgánico de servizo: o Servizo de Observatorio do Emprego e o Servizo de Acreditación das Cualificacións Profesionais.

No ámbito da observación ocupacional, o Instituto ten encomendadas, entre outras, a función de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas activas da formación profesional para o emprego. Así mesmo, pretende achegar datos básicos de referencia que sirvan para encadrar as características propias do mercado laboral galego nun contexto máis amplo que ilustre sobre as tendencias fundamentais cara ao futuro. Con esta perspectiva, planeouse esta análise da realidade laboral de Galicia que anualmente reflicte os datos máis salientables do noso tecido produtivo e a situación laboral dos seus principais actores.

O Estudo do mercado laboral, Galicia 2017 é unha publicación de carácter anual iniciada no ano 2003, e segue un esquema semellante ao realizado en períodos precedentes co fin de lle dar unha continuidade a estes informes elaborados con carácter anual. Coa dita análise, o Instituto procura proporcionar información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución que sirvan de guía para a adaptación das cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.1.- CONTIDO, METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN

O informe contén unha análise descritiva básica dos seguintes catro bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, o paro e os contratos. A información presentada en cada un destes bloques é o resultado dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observarmos o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- A identificación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos salientables pola súa representatividade.
- A explotación da información obtida directamente das bases de datos do Observatorio, depurando e contrastando os resultados.



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

Nos seguintes puntos expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

1.1.1 Perfil sociodemográfico

Neste bloque óptase por facer unha aproximación aos datos de poboación e aos seus desenvolvementos pola Enquisa de poboación activa (EPA) na análise do mercado laboral galego e español: as poboacións activa, parada e ocupada do ano 2017. Debido a que, tanto os datos para a nosa Comunidade Autónoma como as definicións e a metodoloxía están contidas na citada Enquisa de poboación activa (EPA) que publica o Instituto Galego de Estatística, utilizaremos a dita fonte de datos.

1.1.2 Tecido produtivo

Neste punto resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos. Como expresamos anteriormente as ditas variables terán un desenvolvemento cuantitativo na actualidade (2017) e ao longo dos últimos cinco anos (2013 / 2017). A información utilizada neste apartado orixínase, fundamentalmente, a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizarmos esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que logo, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, porque, ademais, considera a totalidade dos sectores económicos e porque tamén aporta series de datos de diferentes anos que posibilitan realizarmos estudos evolutivos.

Hai que salientar aquí que os datos se ofrecen a través de táboas e gráficos estruturados segundo dúas epígrafes: unha, sincrónica, dedicada á situación actual das citadas variables, e outra, diacrónica, que reflicte a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación metodolóxica, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao proviren de contas de cotización, pode aparecer inflada debido á posibilidade de converxeren varias contas de cotización nunha mesma empresa. En concreto, por exemplo, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por distintos motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exerceren diferentes actividades; por realizaren contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais (pois, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade



mantéñense nalgunhas empresas os que se estableceron anteriormente); por teren contratado un axente de comercio; ou, incluso, por contrataren artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo a epígrafe de “traballadores”, os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia agrícolas, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar discontinuos. Así, baixo o concepto de autónomos inclúense só os traballadores por conta propia pertencentes a este réxime especial.

1.1.3 Paro rexistrado

Enténdese por paro rexistrado o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo Servizo Público de Emprego existente o último día de cada mes, excluindo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado. Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, de mellora de emprego, os que participan en traballos de colaboración social, os que solicitan emprego conxuntural, os estudantes, etc.

Así o colectivo de parados refírese exclusivamente a todas as persoas de 16 e máis anos que se atopan sen traballo, dispoñibles para traballaren e procurando activamente emprego, e, polo tanto, rexistrados no Servizo de Emprego da nosa Comunidade Autónoma. O estudo do paro rexistrado deste informe do mercado laboral remata finalmente na análise do perfil básico dos parados de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de parado/a existente en Galicia co propósito de esculcarmos os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Como quedou expresado anteriormente, a información utilizada no estudo provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros.

Por outra banda, a información da demanda de emprego en Galicia completouse con datos evolutivos para posibilitarmos a comparación temporal destes.



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

1.1.4 Contratos

O estudo da contratación neste informe límtase aos contratos formalizados e rexistrados polas oficinas de emprego de Galicia, ofrecendo unha visión das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2017, utilizando para a súa análise a base de datos que lle serve de soporte á "Sección de contratos" das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A finalidade perseguida con este estudo é a de tratarmos de caracterizar un aspecto importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información de relevo sobre o seu comportamento no eido da nosa comunidade autónoma. Esta caracterización inclúe distintos apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2013 ao 2017.

1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS

Nas análises cuantitativas deste estudo utilízanse unha serie de indicadores matemáticos para cuantificar certas variables, xa citadas, de todo tipo. A continuación imos describilas brevemente utilizando as definicións propias publicadas polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

Poboación economicamente activa: é o conxunto de persoas, de 16 e máis anos, que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporárense á produción. A poboación economicamente activa divídese en ocupada e parada.

Inactivos: a poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia, entre as que se atopan principalmente os estudantes, persoas que se ocupan do seu fogar, xubilados ou prexubilados, pensionistas, incapacitados para traballaren ou outras situacións semellantes.

Ocupados: son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Parados: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:



- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscaren un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.
- Dispoñibles para traballaren, é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista.

Taxa de actividade: é o cociente entre o número total de activos e a poboación de 16 e máis anos total.

Taxa de paro: é o cociente entre o número de parados e o de activos.

Taxa de ocupación: representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación de 16 e máis anos total.

As **taxas** utilizadas nos diferentes puntos do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- Variación interanual: é igual ao número de contratos do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de contratos do x-1 e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 16-17 obteríase do seguinte xeito¹:

$$\% \text{ Var. interanual }_{17-16} = \frac{C_{17} - C_{16}}{C_{16}} \times 100$$

Calcularíamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- Variación media anual: obtense da fórmula do xuro composto. De chamarmos C_{17} e C_{13} ao número de contratos nos anos 2017 e 2013, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte²:

$$\% \text{ VMA} = \left(\sqrt[4]{\frac{C_{2017}}{C_{2013}}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos cales se pretende calcular a media, neste caso $5 - 1 = 4$, o que implica unha raíz cuarta)

Obteríamos desta forma o crecemento medio acadado nos cinco anos estudados³.

¹Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

²Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

³Os exemplos citados fan referencia á parte dos contratos, aínda que serían igualmente válidos para explicar os diferentes puntos do estudo. Só deberíamos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación



CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase na CNAE-09.

Nalgúns apartados aparecen táboas co CNAE-09 estruturado cun nivel consistente en rúbricas identificadas mediante un código numérico de dúas cifras e, noutros, as actividades do CNAE-09 agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión de táboas e gráficos.

media se calcularía como unha raíz cuarta.

Existe, así mesmo, a fórmula equivalente: taxa de crecemento anual acumulativo:

$$TCAC(t_0, t_n) = \left(\frac{V(t_n)}{V(t_0)} \right)^{1/(t_n - t_0)} - 1$$

Onde $V(t_0)$ é o valor inicial, $V(t_n)$, o valor final e $t_n - t_0$, o número de anos



2. ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

2.1.- PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

2.1.1.- Poboación

Segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2017, a poboación total de Galicia era de 2.708.339 habitantes, (dos cales o 48,16% eran homes e o 51,84% mulleres); o que supón o 5,82% da poboación total do Estado.

Respecto ao ano anterior, o número de habitantes de Galicia continúa en retroceso, en concreto este ano descende en 10.186 persoas (-0,37%). No Estado tamén se reduciu a poboación en 15.124 persoas (-0,03%); porén, o ritmo de caída en España segue sendo algo menor ao da nosa comunidade.

	Total	Homes	Mulleres	% Homes	% Mulleres
GALICIA	2.708.339	1.304.392	1.403.947	48,16 %	51,84 %
ESPAÑA	99.400	51.272	48.128	49,03 %	50,97 %

Fonte: INE: Padrón Municipal de habitantes

No que se refire a poboación estranxeira Galicia acada a cifra de 87.189 persoas (dos cales 42.951 son homes e 44.238 mulleres), representando o 3,22% do total da poboación de Galicia. Na evolución interanual obsérvase que os estranxeiros continúan rexistrando, dende o ano 2013, unha lenta evolución negativa, así, no último ano, descendieron noutras 777 persoas, un - 0,88% (lembrar que nesta diminución están incluídos aqueles inmigrantes que obtiveron tamén a nacionalidade española), evolución que, igualmente, contribúe ao continuo descenso da poboación total de Galicia.



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

Poboación por xénero e grupos quinquenais de idade. Ano 2017. Galicia


	Total	Homes	Mulleres
Total	2.708.339	1.304.392	1.403.947
0-4	99.400	51.272	48.128
5-9	113.694	58.674	55.020
10-14	110.577	56.706	53.871
15-19	105.293	54.196	51.097
20-24	112.757	57.605	55.152
25-29	129.879	65.798	64.081
30-34	159.645	80.098	79.547
35-39	210.579	105.738	104.841
40-44	223.146	111.444	111.702
45-49	212.323	105.119	107.204
50-54	199.855	97.828	102.027
55-59	192.527	93.787	98.740
60-64	172.725	83.567	89.158
65-69	162.902	77.429	85.473
70-74	152.003	69.674	82.329
75-79	113.807	49.260	64.547
80-84	120.493	47.875	72.618
85 e máis	116.734	38.322	78.412

Fonte: IGE, Series históricas de poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade

Como se pode observar na anterior táboa, rexistráronse máis nacementos de nenos que de nenas, e o número de homes é superior ao das mulleres ata aproximadamente os 39 anos. A partir de aquí, a situación invértese e o número de mulleres supera ao de homes aínda que con cifras similares nos tramos centrais; pero a medida que a idade avanza o predominio das mulleres vai sendo superior, de xeito que no último tramo de idade (85 e máis anos) a cifra mulleres supera en máis do dobre á cifra dos homes.



Pirámide de poboación de Galicia no ano 2017



Os datos demográficos contidos na táboa anterior reflíctense na pirámide de poboación de Galicia, a cal presenta, en termos xerais, unha base estreita (nacen poucos nenos e, ademais, a tendencia é decrecente), anchease na parte central, onde se concentra a maior parte de poboación cun número semellante de homes e mulleres, ata chegar ás idades avanzadas onde ás mulleres superan en número aos homes, configurando unha cúspide moi ancha, con cifras parecidas aos dos tramos de idade que conforman a base. E no caso das mulleres de idade máis avanzada a cúspide da pirámide é bastante superior á base de mesma. Isto evidencia que Galicia enfrontase a unha poboación envellecida, de feito, das máis envellecidas de España, e dentro das persoas de idade avanzada o índice de mulleres é notablemente superior ao dos homes.



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

A continuación amósanse as características da Enquisa de Poboación activa elaborada polo INE (poboación activa, parada e ocupada). Hai que ter en conta que a EPA proporciona estimacións a partir dunha enquisa, polo tanto, non se trata de datos exactos.

Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. Galicia

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de ocupación		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2016T1	53,12	57,82	48,81	18,24	17,60	18,94	43,43	47,64	39,56
2016T2	53,50	58,65	48,77	17,74	17,23	18,29	44,01	48,54	39,85
2016T3	53,83	59,04	49,04	16,35	15,71	17,06	45,03	49,77	40,68
2016T4	53,37	58,40	48,75	16,29	15,63	17,00	44,68	49,27	40,46
2017T1	53,28	57,93	49,02	17,36	17,19	17,54	44,03	47,97	40,42
2017T2	53,34	57,91	49,15	16,11	15,33	16,96	44,75	49,03	40,82
2017T3	53,60	58,11	49,47	14,49	13,24	15,83	45,84	50,41	41,64
2017T4	52,98	57,56	48,79	14,71	14,25	15,21	45,19	49,36	41,37

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa

Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. España

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de ocupación		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2016T1	59,29	65,25	53,64	21,00	19,45	22,78	46,84	52,55	41,42
2016T2	59,41	65,21	53,91	20,00	18,41	21,82	47,53	53,20	42,15
2016T3	59,28	65,26	53,61	18,91	17,39	20,66	48,07	53,91	42,53
2016T4	58,95	64,80	53,41	18,63	17,22	20,25	47,97	53,64	42,59
2017T1	58,78	64,62	53,24	18,75	17,22	20,51	47,76	53,49	42,32
2017T2	58,84	64,70	53,28	17,22	15,64	19,04	48,70	54,58	45,13
2017T3	58,92	65,04	53,13	16,38	14,80	18,21	49,27	55,41	43,45
2017T4	58,80	64,57	53,33	16,55	14,97	18,35	49,07	54,91	43,54

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa



A taxa de actividade de Galicia durante o ano 2017 rexistrou un descenso no primeiro trimestre aumenta no segundo e no terceiro trimestre, para volver a reducirse no cuarto en case medio punto (-0,62 puntos), quedando a taxa no último trimestre do ano en 52,98%, inferior a que había no mesmo período de 2016 (-0,39 puntos).


Se incidimos na perspectiva de xénero, os homes galegos presentan taxas de actividade máis altas que as mulleres. Ademais, ao longo do 2017, na evolución trimestral entre os homes, no 3º trimestre sobe a taxa de actividade, mentres que nos 1º, 2º e 4º baixa, quedando no 4º trimestre en 57,56%, tamén inferior a que había no mesmo período de 2016 (-0,84 puntos). As mulleres só logran aumentar no 2º e 3º trimestre, o resto dos trimestres descende a súa taxa de actividade, presentando o 4º trimestre de 2016 unha taxa do 48,79% (4 centésimas superior ao do mesmo trimestre de 2016)

En xeral, podemos concluír que os homes rexistran unha taxa de actividade superior á feminina en case 9 puntos (8,77) ao cabo do 4º trimestre de 2017, e que as variacións nos últimos dous anos no 4º trimestre, non superaron un punto (0,88).

No ámbito español as taxas de actividade aumentan ou descenden segundo o trimestre pero tamén a variación sempre é inferior, na altura do 4º trimestre, a un punto (0,15); quedando no 4º trimestre a taxa para ambos sexos no 58,80%, no caso dos homes en 64,57% e no das mulleres en 53,33%, o que supón unha diferenza do 11,24 puntos a favor dos homes.

Se comparamos as taxas de actividade de Galicia (liña azul) coas de España (liña amarela), vemos como España presenta maiores taxas, en concreto, ao cabo de 2017, + 5,82 puntos máis. No caso dos homes a diferenza é de + 7,01 puntos e no das mulleres é de + 4,54 puntos.

Taxa de Actividade






Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

A **taxa de paro** de Galicia rexistrou un descenso dende o 2º ao 3º trimestre do 2017, remontando 0,22 puntos no derradeiro 4º trimestre, situándose no último trimestre de 2017 no 14,71%. Se comparamos esta cifra coa do 1º trimestre de 2016 vemos que esta taxa experimentou un notable descenso, en concreto de máis de 3 puntos (-3,53).

Por sexo, o comportamento foi parecido coincidindo nos períodos de descenso, deste xeito, os homes cerran o ano 2017 cunha taxa de paro do 14,25%, mentres que as mulleres acadan unha taxa de paro do 15,21% o que supón 0,96 puntos por riba dos homes.

A taxa de paro en España, tamén descende practicamente nos mesmos trimestres que en Galicia, quedando a cifra en 16,55% no 4º trimestre de 2017; o que supón 1,84 puntos superior á de Galicia. Tamén no conxunto de España as mulleres teñen unha taxa superior aos homes, así a taxa de paro masculina é do 14,97%; mentres que a das mulleres é do 18,35%, e neste caso tamén superan as da nosa comunidade, no caso dos homes en 0,72 puntos e no das mulleres en 3,14 puntos.

Taxa de Paro






A taxa de ocupación de Galicia, no que se refire aos catro trimestres do último ano, rexistra unha evolución desigual deste xeito, vemos como baixa no 1º e no 4º trimestre, mentres aumenta nos trimestres restantes, rematando o ano cunha taxa de ocupación do 45,19%; o que supón que avanzou case dous puntos (1,76) respecto ao 1º trimestre de 2016.

Por sexo, tamén aquí a evolución trimestral foi semellante tanto cando baixa como cando sobe. En calquera caso, as maiores taxas de ocupación atopámonas, de novo, nos homes, cun 49,36%, mentres que as mulleres rexistran o 41,37%, case oito puntos menos.

No ámbito de España a taxa de emprego tamén se comportou dun xeito parecido ao de Galicia, é dicir, en xeral coincide coa nosa comunidade, tanto cando descende como cando ascende. No último trimestre de 2017 a taxa de ocupación de España era do 49,07%, o que significa que está case catro puntos por riba da de Galicia (3,88).

Por sexo, tamén en España a taxa masculina está por riba da feminina, en concreto a dos homes no 4º trimestre era do 54,91%; mentres que a taxa das mulleres era do 43,54%, unha diferenza de máis de 11 puntos a favor dos homes. E tamén as taxas de emprego por sexo galegas están por debaixo das do conxunto de España, en concreto, na taxa de ocupación masculina en 5,55 puntos e na feminina en 2,17 puntos.

Taxa de Ocupación





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017


2.1.- TECIDO PRODUTIVO

2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2017

	Autónomos	%	Empresas	%	Traballadores	%
A CORUÑA	86.123	40,46 %	52.009	40,38 %	332.016	43,58 %
LUGO	35.097	16,49 %	17.708	13,75 %	84.565	11,10 %
OURENSE	25.043	11,76 %	15.218	11,82 %	76.468	10,04 %
PONTEVEDRA	66.600	31,29 %	43.849	34,05 %	268.881	35,29 %
TOTAL GALICIA	212.863	100,00 %	128.784	100,00 %	761.930	100,00 %

De atendermos aos datos da táboa, observamos que o tecido produtivo de Galicia mantén un comportamento practicamente inalterable ao longo dos anos: a metade occidental, que corresponde coas provincias da Coruña e de Pontevedra, concentran aproximadamente as tres cuartas partes do volume total, **tanto das empresas, como dos traballadores**, en xeral, **e dos autónomos**, en particular. Esta predominancia resulta algo menos manifesta no caso dos autónomos, debido fundamentalmente ao peso destes traballadores no sector primario en Ourense, e especialmente en Lugo.

Tecido produtivo 2017






2.2.2.- Evolución do número de empresas

						VARIACION INTERANUAL								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
A Coruña	52.325	52.388	52.442	52.222	52.009	63	0,12%	54	0,10 %	-220	-0,42%	-213	-0,41 %	-0,15
Lugo	17.534	17.828	18.092	17.866	17.708	294	1,68%	264	1,48 %	-226	-1,25%	-158	-0,88 %	0,25
Ourense	15.292	15.377	15.521	15.373	15.218	85	0,56%	144	0,94 %	-148	-0,95%	-155	-1,01 %	-0,12
Pontevedra	43.125	43.613	44.206	44.056	43.849	488	1,13%	593	1,36 %	-150	-0,34%	-207	-0,47 %	0,42
GALICIA	128.276	129.206	130.261	129.517	128.784	930	0,72%	1.055	0,82 %	-744	-0,57%	-733	-0,57 %	0,10

Se atendemos á evolución do número de empresas, vemos como as catro provincias rexistraron unha evolución similar desde o ano 2014. Nese ano e no 2015 prodúcese unha suba no número de empresas. Nas cifras dos anos 2016 e 2017, observamos tamén de xeito xeneralizado un descenso na evolución do número de empresas rexistrando as catro provincias porcentaxes negativos. Por último, hai que dicir que **as variacións medias anuais** (entre 2014 e 2017) incrementan levemente os seus valores no conxunto de Galicia (+ 0,10), cunha evolución desigual da metade das catro provincias: evolución levemente favorable en Lugo e Pontevedra, e levemente desfavorable nas provincias da Coruña e Ourense.

Evolución do número de empresas 2017






Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.2.3.- Evolución do número de traballadores

						VARIACIÓN INTERANUAL								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
A Coruña	301.586	303.772	312.158	322.403	332.016	2.186	0,72 %	8.386	2,76 %	10.245	3,28 %	9.613	2,98 %	2,43
Lugo	76.687	77.996	80.227	82.613	84.565	1.309	1,71 %	2.231	2,86 %	2.386	2,97 %	1.952	2,36 %	2,47
Ourense	71.382	71.980	72.870	74.764	76.468	598	0,84 %	890	1,24 %	1.894	2,60 %	1.704	2,28 %	1,74
Pontevedra	241.573	244.332	251.719	259.014	268.881	2.759	1,14 %	7.387	3,02 %	7.295	2,90 %	9.867	3,81 %	2,71
GALICIA	691.228	698.080	716.974	738.794	761.930	6.852	0,99 %	18.894	2,71 %	21.820	3,04 %	23.136	3,13 %	2,46

A evolución do número de traballadores afiliados á Seguridade Social nos últimos anos foi positiva nas catro provincias dende o 2014, sendo Ourense a provincia cunha evolución media máis moderada (+ 1,74), rematando cunha variación media anual galega de + 2,46.

Por último, de atendermos ás cifras absolutas, no ano 2017 había en Galicia 70.702 afiliados máis que no ano 2013.






2.2.4.- Evolución do número de autónomos

	VARIACIÓN INTERANUAL													
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
A Coruña	86.262	87.843	87.884	87.115	86.123	1.581	1,83%	41	0,05%	-769	-0,88%	-992	-1,14%	-0,04
Lugo	36.671	36.630	36.181	35.657	35.097	-41	-0,11%	-449	-1,23%	-524	-1,45%	-560	-1,57%	-1,09
Ourense	25.818	26.052	25.755	25.401	25.043	234	0,91%	-297	-1,14%	-354	-1,37%	-358	-1,41%	-0,76
Pontevedra	65.695	67.051	67.238	67.273	66.600	1.356	2,06%	187	0,28%	35	0,05%	-673	-1,00%	0,34
GALICIA	214.446	217.576	217.058	215.446	212.863	3.130	1,46%	-518	-0,24%	-1.612	-0,74%	-2.583	-1,20%	-0,19

O número de autónomos no período 2013-2017 descendeu no conxunto de Galicia, agás na provincia de Pontevedra. En Pontevedra tivo unha evolución positiva ano a ano, agás no 2017.

Por último, se atendemos ao número absoluto de autónomos no conxunto de Galicia, estes pasaron de 214.446 en 2013 a 212.863 en 2017, o que supuxo unha diminución de 1.583 afiliacións.






Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores

						VARIACIÓN INTERANUAL								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	9.120	9.200	9.180	9.106	6.468	80	0,88%	-20	-0,22%	-74	-0,81%	-2.638	-28,97%	-8,23
SECTOR SECUNDARIO	6.218	6.364	6.468	6.416	8.561	146	2,35%	104	1,63%	-52	-0,80%	2.145	33,43%	8,32
SECTOR CONSTRUCCIÓN	8.811	8.868	8.914	8.710	8.937	57	0,65%	46	0,52%	-204	-2,29%	227	2,61%	0,36
SECTOR SERVICIOS	104.123	104.770	105.695	105.281	104.814	647	0,62%	925	0,88%	-414	-0,39%	-467	-0,44%	0,17
SEN ACTIVIDADE	4	4	4	4	4	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0,00
Total Galicia	128.276	129.206	130.261	129.517	128.784	930	0,72%	1.055	0,82%	-744	-0,57%	-733	-0,57%	0,10

En relación ao número de empresas por sectores os datos amosan tralo empeoramento interanual nos catro sectores no exercicio 2016, a evolución rexistrada entre 2013 e 2017 amosa un incremento de 508 novas empresas, este crecemento foi resultado do aumento rexistrado na industria, na construción e nos servizos, dado que no primario descendeu o número de empresas. Así o ano 2017 foi un ano de mellora xeneralizado agás no sector Primario onde se observa un descenso na variación media de -8,23.






2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores

						VARIACIÓN INTERANUAL								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	27.413	27.487	27.304	27.892	28.804	74	0,27%	-183	-0,67%	588	2,15%	912	3,27%	1,25
SECTOR SECUNDARIO	113.051	111.493	114.689	118.283	122.696	-1.558	-1,38%	3.196	2,87%	3.594	3,13%	4.413	3,73%	2,07
SECTOR CONSTRUCCIÓN	41.988	41.244	42.136	42.694	45.282	-744	-1,77%	892	2,16%	558	1,32%	2.588	6,06%	1,91
SECTOR SERVICIOS	507.039	516.463	531.735	548.917	564.237	9.424	1,86%	15.272	2,96%	17.182	3,23%	15.320	2,79%	2,71
SEN ACTIVIDADE	1.737	1.393	1.110	1.008	911	-344	-19,80%	-283	-20,32%	-102	-9,19%	-97	-9,62%	-14,90
Total Galicia	691.228	698.080	716.974	738.794	761.930	6.852	0,99%	18.894	2,71%	21.820	3,04%	23.136	3,13%	2,46

Ao analizarmos os datos da evolución quinquenal dos traballadores por sectores, observamos que o número de traballadores afiliados rexistraron un ascenso xeral (+ 2,46) debido ao incremento en todos os sectores de actividade. Este ascenso consolidouse nos últimos dous anos. Así, dende o ano 2016, o sector primario volveuse a sumar á evolución positiva do resto do sectores.

Evolución número de traballadores por sectores 2017






Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores

						VARIACIÓN INTERANUAL								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	35.164	34.284	32.981	31.513	30.507	-880	-2,50%	-1.303	-3,80%	-1.468	-4,45%	-1.006	-3,19%	-3,49
SECTOR SECUNDARIO	14.627	14.817	14.989	15.037	14.918	190	1,30%	172	1,16%	48	0,32%	-119	-0,79%	0,49
SECTOR CONSTRUCCIÓN	27.259	27.818	27.786	27.781	27.296	559	2,05%	-32	-0,12%	-5	-0,02%	-485	-1,75%	0,03
SECTOR SERVICIOS	137.396	140.657	141.302	141.115	140.142	3.261	2,37%	645	0,46%	-187	-0,13%	-973	-0,69%	0,50
Total Galicia	214.446	217.576	217.058	215.446	212.863	3.130	1,46%	-518	-0,24%	-1.612	-0,74%	-2.583	-1,20%	-0,19

En 2017 parece consolidarse a evolución negativa reiniciada tralo 2015: o número de autónomos segue a diminuír interanualmente: o sector secundario súmase no 2017 a evolución negativa do resto dos sectores. A variación media dos últimos anos, amosa uns díxitos -unha miga, iso si- negativos (-0,19). No quinquenio 2013/2017, pérdense, finalmente 1.583 traballadores autónomos.

Evolución número de autónomos por sectores 2017





2.3.- PARO REXISTRADO

Neste apartado analízanse os datos dos demandantes parados rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia.


2.3.1.- Parados rexistrados por xénero

	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	81.498	103.515	185.013
ESPAÑA	1.459.726	1.953.055	3.412.781

A cifra total de desempregados inscritos nas Oficinas de emprego do Servizo Público de Galicia a 31 de decembro de 2017, ascendía a 185.013 persoas; das que 81.498 eran homes (o 44,05%) e 103.515 eran mulleres (55,95%). A diferenza entres ambos os dous sexos volve a aumentar ata situarse o desemprego feminino en 11,9 puntos superior ao masculino.

En canto á evolución anual, nos últimos doce meses o desemprego baixou en Galicia en 20.901 persoas, o que supuxo un descenso en termos porcentuais do -10,15%.

Parados rexistrados por xénero. Galicia 2017






Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.3.2.- Parados rexistrados por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	32.447	44,13 %	41.079	55,87 %	73.526	39,74%
LUGO	8.324	46,47 %	9.589	53,53 %	17.913	9,68%
OURENSE	8.937	44,84 %	10.993	55,16 %	19.930	10,77%
PONTEVEDRA	31.790	43,17 %	41.854	56,83 %	73.644	39,80%
GALICIA	81.498	44,05 %	103.515	55,95 %	185.013	100%

No que se refire aos datos rexistrados por provincia, tanto en termos absolutos como relativos o maior número de parados correspóndelle a Pontevedra (73.644) e A Coruña (73.526), e, deste xeito, estas dúas provincias acaparan case o 80% do total de parados de Galicia. Pola contra, Lugo é a provincia con menor número de desempregados chegando apenas a un 10% do total.

Parados rexistrados por provincia 2017




2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado

						VARIACIÓN INTERANUAL								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
HOMES	132.967	121.392	106.824	94.353	81.498	-11.575	-8,71%	-14.568	-12,00%	-12.471	-11,67%	-12.855	-13,62%	-11,52
MULLERES	138.096	130.526	121.984	111.561	103.515	-7.570	-5,48%	-8.542	-6,54%	-10.423	-8,54%	-8.046	-7,21%	-6,95
GALICIA	271.063	251.918	228.808	205.914	185.013	-19.145	-7,06%	-23.110	-9,17%	-22.894	-10,01%	-20.901	-10,15%	-9,11

En relación á evolución do paro rexistrado por sexo dende o 2013, á evolución deixa unha lectura optimista, o paro continúa caendo dende o ano 2014, acadando cada ano unha proporción de baixada superior á anterior, de xeito que á caída do ano 2017 é a maior de todas.

Por sexo, o desemprego retrocede en ambos os dous sexos, pero son os homes os que lideran a caída, acadando todos os anos maiores porcentaxes de descensos que as mulleres; isto trouxo como consecuencia que a distancia entre os dous sexos se incrementara, pasando de supoñer as mulleres o 50,81% do total de parados de Galicia no ano 2014 ao 55,95% do ano 2017.

Evolución anual do paro rexistrado por sexo 2017





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado


				Variación			Porcentaxe Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
12/31/2016	94.353	111.561	205.914						
01/31/2017	96.637	115.441	212.078	2.284	3.880	6.164	2,42 %	3,48 %	2,99 %
02/29/2017	96.196	115.728	211.924	-441	287	-154	-0,46 %	0,25 %	-0,07 %
03/31/2017	94.050	116.006	210.056	-2.146	278	-1.868	-2,23 %	0,24 %	-0,88 %
04/30/2017	90.807	113.822	204.629	-3.243	-2.184	-5.427	-3,45 %	-1,88 %	-2,58 %
05/31/2017	88.000	111.638	199.638	-2.807	-2.184	-4.991	-3,09 %	-1,92 %	-2,44 %
06/30/2017	82.940	106.725	189.665	-5.060	-4.913	-9.973	-5,75 %	-4,40 %	-5,00 %
07/31/2017	78.423	103.448	181.871	-4.517	-3.277	-7.794	-5,45 %	-3,07 %	-4,11 %
08/31/2017	77.524	103.601	181.125	-899	153	-746	-1,15 %	0,15 %	-0,41 %
09/30/2017	78.343	105.714	184.057	819	2.113	2.932	1,06 %	2,04 %	1,62 %
10/31/2017	79.574	106.329	185.903	1.231	615	1.846	1,57 %	0,58 %	1,00 %
11/30/2017	80.569	106.606	187.175	995	277	1.272	1,25 %	0,26 %	0,68 %
12/31/2017	81.498	103.515	185.013	929	-3.091	-2.162	1,15 %	-2,90 %	-1,16 %

Respecto á evolución mensual do paro ao longo dos meses de 2017, observamos como o ano comeza cun incremento do paro. Unha vez máis xaneiro cumpre co costume de que suba o paro, a partir de aquí o paro rexistra un descenso continuado ata o mes de agosto, retroceso onde, sen dúbida inflúe o pulo do turismo vinculado á Semana Santa e á temporada de verán, de feito, e como consecuencia do fin do período estival en setembro volve a subir o paro, aumento que continúa nos meses de outubro e novembro.


Atendendo ao comportamento por sexo, ambos os dous sexos seguen unha evolución semellante, agás os meses de febreiro, marzo, agosto e decembro onde seguen unha evolución desigual, o resto dos meses tanto o descenso como aumento do paro coincide nos dous sexos. As diferenzas están en que, en xeral, nos meses en que o paro baixa este o fai en maior proporción nos homes, e nos meses en que este sobe tamén aumenta máis nos homes.



Evolución do paro mensual por xénero



Evolución mensual do paro rexistrado por xénero 2017





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017


2.3.5.- Parados rexistrados por idade e xénero

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
<=25	5.870	7,20 %	5.659	5,47 %	11.529	6,23 %
26 a 35	14.481	17,77 %	19.163	18,51 %	33.644	18,18 %
36 a 45	18.744	23,00 %	28.453	27,49 %	47.197	25,51 %
46 a 55	22.032	27,03 %	27.209	26,29 %	49.241	26,61 %
>=56	20.371	25,00 %	23.031	22,25 %	43.402	23,46 %
GALICIA	81.498	100,00 %	103.515	100,00 %	185.013	100,00 %

Atendendo aos parados por idade e sexo, o maior número de parados concéntrase na cohorte de idade de entre 46 a 55 anos, acadando a cifra de 49.241 persoas (o 26,61% do total); séguelle moi de cerca o grupo de 36 a 45 anos con 47.197 persoas (o 25,51%); deste xeito, podemos afirmar que dous de cada catro parados galegos tiñan entre 36 e 55 anos.

Se a análise faise por sexo, tamén son estes dous tramos de idade os que concentran máis da metade dos parados, a diferenza están en que nos homes o grupo con máis parados é o de 46 a 55 anos (27,03%) e nas mulleres o grupo de idade con máis paradas é o de 36 a 45 anos (27,49%).

Parados rexistrados por idade e sexo 2017




2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade

	VARIACIÓN INTERANUAL													
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
<=25	21.713	17.489	15.051	12.584	11.529	-4.224	-19,45 %	-2.438	-13,94 %	-2.467	-16,39 %	-1.055	-8,38 %	-14,64
26 a 35	63.613	54.723	46.499	38.980	33.644	-8.890	-13,98 %	-8.224	-15,03 %	-7.519	-16,17 %	-5.336	-13,69 %	-14,72
36 a 45	73.583	68.887	61.316	54.181	47.197	-4.696	-6,38 %	-7.571	-10,99 %	-7.135	-11,64 %	-6.984	-12,89 %	-10,51
46 a 55	66.139	64.728	60.297	55.237	49.241	-1.411	-2,13 %	-4.431	-6,85 %	-5.060	-8,39 %	-5.996	-10,86 %	-7,11
>=56	46.015	46.091	45.645	44.932	43.402	76	0,17 %	-446	-0,97 %	-713	-1,56 %	-1.530	-3,41 %	-1,45
GALICIA	271.063	251.918	228.808	205.914	185.013	-19.145	-7,06 %	-23.110	-9,17 %	-22.894	-10,01 %	-20.901	-10,15 %	-9,11

En canto á evolución do paro, segundo os datos da táboa anterior, o paro rexistrado continúa descendendo dende o ano 2014, aínda que este ano a caída do paro afecta a todos os rangos de idade menos ao maiores de 55 anos (só en 76 persoas). A partir de aquí xa se rexistra unha caída xeneralizada do paro en todas as cohortes de idade sendo os rangos de menores idades os que baixan en maior proporción. Suliñar que todos os rangos presentan, finalmente, unha variación media favorable (negativa) na evolución dos seus niveis do paro rexistrado.

Evolución anual dos parados rexistrados por idade 2017





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017


2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
Ata certificado de escolaridade	38.951	47,79 %	39.116	37,79 %	78.067	42,20 %
Titulación ensino obrigatorio	20.602	25,28 %	25.126	24,27 %	45.728	24,72 %
Formación profesional	9.978	12,24 %	16.888	16,31 %	26.866	14,52 %
BUP / Bacharelato superior / COU	6.189	7,59 %	8.885	8,58 %	15.074	8,15 %
Titulados universitarios	5.750	7,06 %	13.426	12,97 %	19.176	10,36 %
Outras titulacións	28	0,03 %	74	0,07 %	102	0,06 %
Galicia	81.498	100,00 %	103.515	100,00 %	185.013	100,00 %

No que atinxe aos parados por nivel formativo, observamos que hai unha maior presenza de parados cun nivel de estudos de "ata certificado de escolaridade", en concreto, o 42,20% seguido a bastante distancia dos que posuían "titulación de ensino obrigatorio", os cales supoñen o 24,72%, é dicir, que, aproximadamente dous de cada tres parados tiñan unha titulación non superior ao ensino obrigatorio (66,92%). Pola súa parte, os de titulación máis alta, os universitarios representan o 10,36%.

Por sexo, poucas diferenzas hai, nas titulacións máis baixas; así no colectivo de "ata certificado de escolaridade" hai máis homes que mulleres, así no colectivo masculino concentran o 47,79% dos parados; mentres que no feminino a proporción é de 37,79%, o que significa unha diferenza de 10 puntos. No lado oposto, están os Titulados universitarios, aquí, sen embargo os homes contan cun nivel de paro inferior o das mulleres, sendo as súas cifras: 7,06% de parados universitarios para os homes, e, para as mulleres, a cifra é do 12,97%.

Parados rexistrados por nivel formativo 2017




2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo

						VARIACIÓN INTERANUAL								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade	110.058	103.483	95.200	86.499	78.067	-6.575	-5,97 %	-8.283	-8,00 %	-8.701	-9,14 %	-8.432	-9,75 %	-8,23
Titulación ensino obrigatorio	71.906	66.158	58.932	52.341	45.728	-5.748	-7,99 %	-7.226	-10,92 %	-6.591	-11,18 %	-6.613	-12,63 %	-10,70
Formación profesional	40.058	36.571	33.245	29.879	26.866	-3.487	-8,70 %	-3.326	-9,09 %	-3.366	-10,12 %	-3.013	-10,08 %	-9,50
BUP / Bacharelato superior / COU	21.255	19.973	17.990	16.310	15.074	-1.282	-6,03 %	-1.983	-9,93 %	-1.680	-9,34 %	-1.236	-7,58 %	-8,23
Titulados universitarios	27.607	25.581	23.313	20.762	19.176	-2.026	-7,34 %	-2.268	-8,87 %	-2.551	-10,94 %	-1.586	-7,64 %	-8,71
Outras titulacións	179	152	128	123	102	-27	-15,08 %	-24	-15,79 %	-5	-3,91 %	-21	-17,07 %	-13,12
Galicia	271.063	251.918	228.808	205.914	185.013	-19.145	-7,06 %	-23.110	-9,17 %	-22.894	-10,01 %	-20.901	-10,15 %	-9,11

Como se observa na táboa anterior, rexistrase, unha redución do paro practicamente en todos os niveis formativos e en todos os anos do período estudado; acadando en case todos os niveis un ritmo de descenso progresivo, de xeito que cada ano que pasa a proporción de caída de paro supera a do ano anterior.

En cifras absolutas, en todos os anos estudados as maiores baixadas corresponden ao grupo máis numeroso de desempregados os que tiñan "Ata certificado de escolaridade", pero en cifras relativas a evolución presenta certa desigualdade de modo que depende do ano, así, obviando o grupo de "Outras titulacións" que apenas conta con parados, no 2014 foi o grupo de "Formación profesional" os que acadaron o maior ritmo de caída (un 8,70% menos), no 2015 os "Titulados en ensino obrigatorio", cunha baixada do -10,92%, e no 2016 e 2017 tamén os "Titulados en ensino obrigatorio" repiten prelación cunha baixada do -11,18% e -12,63%, respectivamente; precisamente foron os "Titulados en ensino obrigatorio" os que acadaron, finalmente, a maior baixada na variación media anual (-10,70%).





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017


2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
<= 1 mes	10.656	13,08 %	9.423	9,10 %	20.079	10,85 %
de 1 a 3 meses	15.841	19,44 %	16.735	16,17 %	32.576	17,61 %
de 3 a 6 meses	10.450	12,82 %	13.441	12,98 %	23.891	12,91 %
de 6 a 12 meses	10.051	12,33 %	13.675	13,21 %	23.726	12,82 %
de 12 a 24 meses	10.714	13,15 %	15.779	15,24 %	26.493	14,32 %
más de 24 meses	23.786	29,19 %	34.462	33,29 %	58.248	31,48 %
GALICIA	81.498	100,00 %	103.515	100,00 %	185.013	100,00 %

A maioría dos parados galegos levaban buscando emprego máis de dos anos, en concreto 64.685 persoas (31,48%), o que significa que, aproximadamente un de cada tres parados era "parado de moi longa duración"; ademais, se a este grupo lle engadimos os que levaban anotados de 12 a 24 meses, que supoñen o 14,32% do total, podemos concluír que case a metade dos desempregados galegos pertencen ao colectivo de parados de longa duración. No resto, destacan os que tiñan unha antigüidade "de 1 a 3 meses", os cales supoñen o 17,61% do total.

Por sexo, no referido ao colectivo máis vulnerable, os que levaban anotados máis de 24 meses, as mulleres saen máis prexudicadas que os homes, pois rexistran unha cifra máis elevada, contabilizando 34.462 paradas (o 33,29% do total de mulleres paradas); fronte aos 23.786 parados (o 29,19%). En canto ao seguinte colectivo, os de 12 a 24 meses, tamén son maioría as mulleres, deste xeito, mentres no colectivo feminino supoñen o 15,24%, no caso dos homes a porcentaxe é do 13,15%. Así pois, podemos concluír que o paro de longa duración afecta máis ás mulleres que aos homes. En cambio, nos parados de curta duración as mulleres rexistran proporcións máis baixas que os homes.

Parados rexistrados por antigüidade na demanda 2017




2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda.

	VARIACIÓNS INTERANUAIS													
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
<= 1 mes	23.274	25.360	24.246	24.042	20.079	2.086	8,96 %	-1.114	-4,39 %	-204	-0,84 %	-3.963	-16,48 %	-3,62
de 1 a 3 meses	46.057	41.797	39.006	36.253	32.576	-4.260	-9,25 %	-2.791	-6,68 %	-2.753	-7,06 %	-3.677	-10,14 %	-8,29
de 3 a 6 meses	33.925	31.201	30.278	26.119	23.891	-2.724	-8,03 %	-923	-2,96 %	-4.159	-13,74 %	-2.228	-8,53 %	-8,39
de 6 a 12 meses	39.455	33.400	29.322	25.049	23.726	-6.055	-15,35 %	-4.078	-12,21 %	-4.273	-14,57 %	-1.323	-5,28 %	-11,94
de 12 a 24 meses	49.973	40.589	33.230	29.766	26.493	-9.384	-18,78 %	-7.359	-18,13 %	-3.464	-10,42 %	-3.273	-11,00 %	-14,67
más de 24 meses	78.379	79.571	72.726	64.685	58.248	1.192	1,52 %	-6.845	-8,60 %	-8.041	-11,06 %	-6.437	-9,95 %	-7,15
Total Galicia	271.063	251.918	228.808	205.914	185.013	-19.145	-7,06 %	-23.110	-9,17 %	-22.894	-10,01 %	-20.901	-10,15 %	-9,11

Por antigüidade na demanda, en xeral, todo o período caracterízase por unha tendencia positiva, sendo o grupo que levaba a procura dun emprego “máis de 24 meses” o que sae peor parado, trátase do colectivo que conta con máis parados todos os anos estudados. Ademais, este grupo comeza a rexistrar baixadas do desemprego un ano despois do que o fan os outros colectivos, é dicir no ano 2015. O resto dos colectivos, agás os que levaban anotados no desemprego “1 mes ou menos” e “de 3 a 6 meses”, que experimentan unha evolución irregular rexistran caídas continuadas dende o 2014 sendo os parados que levaban a procura dun emprego de 12 a 24 meses os que acadan a maior variación media anual máis favorable (-14,67%).

Evolución anual por antigüidade na demanda 2017





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017


2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
SECTOR PRIMARIO	4.992	6,13 %	2.000	1,93 %	6.992	3,78 %
SECTOR SECUNDARIO	10.901	13,38 %	11.043	10,67 %	21.944	11,86 %
SECTOR CONSTRUCCIÓN	16.203	19,88 %	1.937	1,87 %	18.140	9,80 %
SECTOR SERVIZOS	44.212	54,25 %	78.224	75,57 %	122.436	66,18 %
SEN ACTIVIDADE	5.190	6,37 %	10.311	9,96 %	15.501	8,38 %
TOTAL GALICIA	81.498	100,00 %	103.515	100,00 %	185.013	100,00 %

No referido aos parados por sector, vemos como son os servizos os que destacan no número de parados, case tres de cada catro parados de Galicia proceden deste sector (66,18%), a continuación o sector que conta con máis número de parados, a gran distancia dos servizos, é o da industria cun 11,86% do total, seguido do sector da construción cun 9,80%. O primario é o sector con menos parados cunha proporción do 3,78%. Por último, os parados sen experiencia laboral representan o 8,38%.

Por sexo, tamén hai un predominio do sector servizos, pero no relativo ás mulleres o número de paradas deste sector é bastante superior ao dos homes; así, no caso das mulleres tres de cada catro paradas proceden deste sector, mentres que no colectivo dos homes son dous de cada catro. Polo contrario, a construción é un sector onde a maioría dos parados son homes, en concreto engloban o 19,88%, mentres nas mulleres solo supoñen o 1,87%. Tamén na industria hai máis homes parados, supoñen o 13,38% de desempregados deste colectivo, mentres que nas mulleres a porcentaxe é o 10,67%, e no primario volven a ser os homes os que acaparan a maior parte dos parados, supoñen o 6,13%; mentres que nas mulleres este sector só concentrou o 1,93% das paradas. E no referido aos parados sen experiencia laboral, as mulleres case superan en un terzo aos homes.

Parados rexistrados por sector económico de procedencia 2017






2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia.

	Variación Interanual													
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	9.738	9.403	9.229	8.305	6.992	-335	-3,44 %	-174	-1,85 %	-924	-10,01 %	-1.313	-15,81 %	-7,95
SECTOR SECUNDARIO	38.291	34.442	28.852	25.499	21.944	-3.849	-10,05 %	-5.590	-16,23 %	-3.353	-11,62 %	-3.555	-13,94 %	-12,99
SECTOR CONSTRUCCIÓN	40.448	34.196	28.141	23.368	18.140	-6.252	-15,46 %	-6.055	-17,71 %	-4.773	-16,96 %	-5.228	-22,37 %	-18,17
SECTOR SERVICIOS	161.160	154.085	144.470	132.419	122.436	-7.075	-4,39 %	-9.615	-6,24 %	-12.051	-8,34 %	-9.983	-7,54 %	-6,64
SEN ACTIVIDADE	21.426	19.792	18.116	16.323	15.501	-1.634	-7,63 %	-1.676	-8,47 %	-1.793	-9,90 %	-822	-5,04 %	-7,77
Total Galicia	271.063	251.918	228.808	205.914	185.013	-19.145	-7,06 %	-23.110	-9,17 %	-22.894	-10,01 %	-20.901	-10,15 %	-9,11

A tendencia ao longo de todo o período foi a redución de parados en todos os sectores. A partir do ano 2014 o paro diminuíu de xeito xeneralizado sendo a construción a que acadou as maiores proporcións de baixada de todos os sectores, o que permite que sexa este sector o que obteña a maior variación media anual -18,17%. A continuación sitúase a industria sendo o segundo sector que, proporcionalmente, máis baixa o paro, rematando o período cunha variación media anual do -12,99%. Os sectores que rexistran as baixadas máis moderadas son, pola contra, o sector servizos, sen actividade e o sector primario.

Evolución anual dos parados por actividade económica 2017





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	23.692	29,07 %	3.884	3,75 %	27.576	14,90 %
DIRECTORES E XERENTES	924	1,13 %	396	0,38 %	1.320	0,71 %
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	4.002	4,91 %	13.457	13,00 %	17.459	9,44 %
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	17.259	21,18 %	24.247	23,42 %	41.506	22,43 %
OCUPACIÓNS MILITARES	40	0,05 %	8	0,01 %	48	0,03 %
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	7.934	9,74 %	4.194	4,05 %	12.128	6,56 %
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	5.692	6,98 %	10.045	9,70 %	15.737	8,51 %
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	9.023	11,07 %	7.219	6,97 %	16.242	8,78 %
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	3.324	4,08 %	1.340	1,29 %	4.664	2,52 %
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	9.608	11,79 %	38.725	37,41 %	48.333	26,12 %
GALICIA	81.498	100,00 %	103.515	100,00 %	185.013	100,00 %




No que respecta aos parados por gran grupo de ocupación, o grupo de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” amosa a cifra máis elevada de parados, 48.333 persoas, o que supón o 26,12%. O seguinte grupo en importancia é o de “Ocupacións elementais co 22,43% do total de parados, o que significa que, aproximadamente, un de cada dous parados teñen ocupacións que se engloban nestes dous grupos. Así mesmo, o outro grupo que conta cunha proporción elevada de parados é o de “Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria” co 14,90%, O resto dos grandes grupos contan con cifras de parados máis moderadas.

Por xénero, existen diferenzas, no caso das mulleres onde máis paradas hai é no grupo de “traballadores dos servizos e restauración, persoais, protección e vendedores” (37,41%); mentres que nos homes o grupo que conta con máis parados é “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria” (29,07%), o gran grupo que está en segundo lugar, en canto ao número de parados, tanto nos homes como nas mulleres é o de “ocupacións elementais” englobando o 21,18% no colectivo masculino e o 23,42% no feminino.



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

Parados rexistrados por gran grupo de ocupación 2017





2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación


	Variación Interanual													
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	51.468	46.416	39.431	33.590	27.576	-5.052	-9,82 %	-6.985	-15,05 %	-5.841	-14,81 %	-6.014	-17,90 %	-14,44
DIRECTORES E XERENTES	1.953	1.793	1.569	1.352	1.320	-160	-8,19 %	-224	-12,49 %	-217	-13,83 %	-32	-2,37 %	-9,33
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	24.707	23.322	21.040	19.167	17.459	-1.385	-5,61 %	-2.282	-9,78 %	-1.873	-8,90 %	-1.708	-8,91 %	-8,31
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	55.494	52.857	49.734	45.717	41.506	-2.637	-4,75 %	-3.123	-5,91 %	-4.017	-8,08 %	-4.211	-9,21 %	-7,00
OCUPACIÓNS MILITARES	103	85	74	62	48	-18	-17,48 %	-11	-12,94 %	-12	-16,22 %	-14	-22,58 %	-17,38
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	20.920	19.045	16.653	14.429	12.128	-1.875	-8,96 %	-2.392	-12,56 %	-2.224	-13,35 %	-2.301	-15,95 %	-12,74
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	22.341	20.416	18.684	16.665	15.737	-1.925	-8,62 %	-1.732	-8,48 %	-2.019	-10,81 %	-928	-5,57 %	-8,39
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	24.753	22.317	19.873	17.971	16.242	-2.436	-9,84 %	-2.444	-10,95 %	-1.902	-9,57 %	-1.729	-9,62 %	-10,00
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	6.865	6.367	6.026	5.349	4.664	-498	-7,25 %	-341	-5,36 %	-677	-11,23 %	-685	-12,81 %	-9,21
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	62.459	59.300	55.724	51.612	48.333	-3.159	-5,06 %	-3.576	-6,03 %	-4.112	-7,38 %	-3.279	-6,35 %	-6,21
Total Galicia	271.063	251.918	228.808	205.914	185.013	-19.145	-7,06 %	-23.110	-9,17 %	-22.894	-10,01 %	-20.901	-10,15 %	-9,11



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

A tendencia na evolución por gran grupo de ocupación no período 2013-2017, foi a redución en todo o período, destacando practicamente todos os anos o grupo de "Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)" por obter as maiores proporcións de baixadas de paro o que determinou que rematara o período coa maior variación media anual, un -14,44), solo superada polas "ocupacións militares" (-17,38), pero neste caso a cifra de parados é tan pequena que non é representativa. No lado oposto, están os "Traballadores dos servizos e restauración, persoais, protección e vendedores", son os que rexistran un menor ritmo de caída de paro case todos os anos o que provoca que acaden a variación media anual máis moderada de todos os grupos, o -6,21.

Evolución anual dos parados por gran grupo de ocupación 2017





2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas.

	HOME	MULLER	Total	%
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	1.777	16.293	18.070	9,77 %
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR , EN XERAL	934	11.955	12.889	6,97 %
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	2.322	9.015	11.337	6,13 %
CAMAREIROS, EN XERAL	2.754	3.791	6.545	3,54 %
ALBANEIS	5.323	33	5.356	2,89 %
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	4.487	29	4.516	2,44 %
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	2.633	1.869	4.502	2,43 %
COCIÑEIROS, EN XERAL	827	2.160	2.987	1,61 %
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN E/OU MERCADO DE ABASTOS	2.713	232	2.945	1,59 %
REPOÑEDORES DE HIPERMERCADO	1.012	1.685	2.697	1,46 %

Na relación das dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes parados, observamos que encabeza a listaxe os "dependentes de comercio, en xeral" que representaban o 9,77%, seguido a certa distancia do "persoal de limpeza ou limpador, en xeral" co 6,74% e dos "empregados administrativos, en xeral" co 6,97%.

Cómpre dicir, que case un de cada catro parados atópanse nunha destas tres ocupacións; ademais, a maioría dos desempregados son mulleres; aínda que este feito non só acontece nestas tres senón en case todas as ocupacións, agás nas relacionadas coa construción e coa carga e descarga onde predominan os homes.

Por outra banda, constatamos que practicamente son as mesmas de anos anteriores e que se trata de ocupacións con escaso nivel de cualificacións.



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.3.16.- Perfil tipo do demandante parado en Galicia⁴

Perfil do demandante parado

Grupo de idade	De 46 a 55 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade
Tempo de busca de emprego	Máis de 24 meses
Sector económico	Servizos
Ocupación máis demandada (SISPE-8 díxitos)	Albanel

Perfil da demandante parada

Grupo de idade	De 36 a 45 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade
Tempo de busca de emprego	Máis de 24 meses
Sector económico	Servizos
Ocupación máis demandada (SISPE-8 díxitos)	Dependente de comercio, en xeral

⁴ Para elaborar os informes seguintes tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.



2.4.- CONTRATOS

Neste apartado analízanse os datos de contratos rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia.


2.4.1.- Contratos realizados por xénero

	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	534.127	486.835	1.020.962
ESPAÑA	12.068.813	9.434.110	21.502.923

A cifra total de contratos rexistrados nas Oficinas de emprego do Servizo Público de Galicia a 31 de decembro de 2017, ascendía a 1.020.962; dos que 534.127 foron realizados a homes (o 52,32%) e 486.835 a mulleres (47,68%). A diferenza entre ambos os dous sexos volve a aumentar moi levemente ata situarse en 4,64 puntos a prol da contratación masculina.

En España, a diferenza a favor dos contratos masculinos mantense representando un 12,25% máis que os realizados ás mulleres.

Contratos realizados por xénero. Galicia 2017





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017


2.4.2.- Contratos por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	218.229	40,86 %	210.293	43,20 %	428.522	41,97 %
LUGO	56.580	10,59 %	52.552	10,79 %	109.132	10,69 %
OURENSE	39.478	7,39 %	37.128	7,63 %	76.606	7,50 %
PONTEVEDRA	219.840	41,16 %	186.862	38,38 %	406.702	39,84 %
TOTAL GALICIA	534.127	100,00 %	486.835	100,00 %	1.020.962	100,00 %

No que se refire aos datos rexistrados por provincia, tanto en termos absolutos como relativos, o maior número de contratos correspóndelle á Coruña (428.522), seguida moi de cerca por Pontevedra (406.702), deste xeito, estas dúas provincias acaparan máis de catro de cada cinco contratos de Galicia. Pola contra, Ourense é a provincia con menor número de contratos cun 7,50% do total. Así mesmo, na anterior táboa pódese ver o reparto do total galego da contratación por xénero, masculina e feminino, por cada provincia.

No seguinte gráfico, con datos do paro rexistrado por sexo e provincia, pode observarse como o peso da contratación masculina é superior á feminina en todas as provincias galegas.

Contratos realizados por provincia en 2017




2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por xénero

						Variación Interanual								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
HOMES	372.612	417.321	463.552	493.518	534.127	44.709	12,00%	46.231	11,08%	29.966	6,46%	40.609	8,23%	9,42
MULLERES	334.166	368.872	414.282	450.596	486.835	34.706	10,39%	45.410	12,31%	36.314	8,77%	36.239	8,04%	9,86
Total GALICIA	706.778	786.193	877.834	944.114	1.020.962	79.415	11,24%	91.641	11,66%	66.280	7,55%	76.848	8,14%	9,63

En relación á evolución dos contratos rexistrados por sexo dende o 2013, á evolución deixa unha lectura optimista, a contratación sobe de xeito continuado en ambos sexos dende o ano 2013, aínda que a proporción de subida de 2016 foi inferior á rexistrada en 2015, tanto en homes como en mulleres, pero recupera a evolución positiva no 2017.

Entre 2013 a 2016 os contratos pasaron de 706.778 a 1.020.962, e dende o ano 2015 as mulleres veñen incrementando o seu nivel de contratación en maior medida que os homes, presentado unha evolución media final, ao cabo do quinquenio, superior á dos homes (9,86 fronte a 9,42)

Evolución anual da contratación por xénero en 2017






Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos

				Variación			Porcentaxe Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
31/12/2016	35.860	35.649	71.509						
31/01/2017	35.635	34.259	69.894	-225	-1.390	-1.615	-0,63%	-3,90%	-2,26%
28/02/2017	32.475	29.848	62.323	-3.160	-4.411	-7.571	-8,87%	-12,88%	-10,83%
31/03/2017	41.196	36.157	77.353	8.721	6.309	15.030	26,85%	21,14%	24,12%
30/04/2017	38.750	35.341	74.091	-2.446	-816	-3.262	-5,94%	-2,26%	-4,22%
31/05/2017	46.630	40.965	87.595	7.880	5.624	13.504	20,34%	15,91%	18,23%
30/06/2017	55.179	48.434	103.613	8.549	7.469	16.018	18,33%	18,23%	18,29%
31/07/2017	56.469	51.109	107.578	1.290	2.675	3.965	2,34%	5,52%	3,83%
31/08/2017	51.107	44.613	95.720	-5.362	-6.496	-11.858	-9,50%	-12,71%	-11,02%
30/09/2017	49.849	46.520	96.369	-1.258	1.907	649	-2,46%	4,27%	0,68%
31/10/2017	49.153	45.717	94.870	-696	-803	-1.499	-1,40%	-1,73%	-1,56%
30/11/2017	41.503	38.522	80.025	-7.650	-7.195	-14.845	-15,56%	-15,74%	-15,65%
31/12/2017	36.181	35.350	71.531	-5.322	-3.172	-8.494	-12,82%	-8,23%	-10,61%

Respecto á evolución mensual da contratación ao longo dos meses de 2017, observamos o típico comportamento cíclico anual. Así o ano comeza cun descenso da contratación, como soe ser habitual nos dous primeiros meses, a partir de aquí o contratos rexistran un ascenso continuado ata o mes de outubro, coa única excepción da baixada de abril (tras un forte incremento en marzo -efecto da Semana Santa) e de agosto. Co fin do período estival en outubro volve a caer a contratación que continúa nos meses de novembro e decembro. Ambos sexos seguen unha evolución similar, agás no mes de setembro, onde a contratación diminuíu entre os homes e aumentou entre as mulleres.

Evolución mensual da contratación por xénero no 2017




2.4.5.- Evolución mensual dos demandantes parados e contratados

	parados	contratados	Variación		% Var par	%Var cont
12/31/2016	205.914	49.152				
Xaneiro	212.078	52.806	6.164	3.654	2,99 %	7,43%
Febreiro	211.924	45.366	-154	-7.440	-0,07 %	-14,09%
Marzo	210.056	54.985	-1.868	9.619	-0,88 %	21,20%
Abril	204.629	53.877	-5.427	-1.108	-2,58 %	-2,02%
Maio	199.638	57.752	-4.991	3.875	-2,44 %	7,19%
Xuño	189.665	70.162	-9.973	12.410	-5,00 %	21,49%
Xullo	181.871	75.121	-7.794	4.959	-4,11 %	7,07%
Agosto	181.125	63.625	-746	-11.496	-0,41 %	-15,30%
Setembro	184.057	68.874	2.932	5.249	1,62 %	8,25%
Outubro	185.903	66.980	1.846	-1.894	1,00 %	-2,75%
Novembro	187.175	56.614	1.272	-10.366	0,68 %	-15,48%
Decembro	185.013	49.733	-2.162	-6.881	-1,16 %	-12,15%

Nesta comparativa entre persoas paradas e contratadas, ao longo de todo o ano, optouse por facer a comparación a nivel porcentual; dado que a cifra das serie de desempregados é moi superior a da serie de persoas contratadas.

A evolución das persoas desempregadas segue case as mesmas pautas que nos anos anteriores, é dicir, aumenta no mes de xaneiro para a partir deste mes descender ata o mes de agosto inclusive, coincidindo co período estival; no mes de setembro volve a rexistrarse un incremento do paro rexistrado que continúa presentando porcentaxes positivas ata final de ano, agás no mes de decembro.

Por outra parte, vendo os datos que presenta a táboa, observamos que houbo meses onde a cifra de contratados aumentaba pero a de desempregados non diminúe (meses de xaneiro e setembro), e ao revés: meses de febreiro, abril e agosto e decembro: nos que diminúe o número de contratos e descende tamén o paro; disonancias que nos están indicando que non sempre o aumento da contratación se traduce nunha diminución do paro e viceversa.





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017


2.4.6.- Contratos por idade e xénero

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
<=25	100.141	18,75%	98.399	20,21%	198.540	19,45%
26 a 35	167.923	31,44%	150.662	30,95%	318.585	31,20%
36 a 45	150.116	28,10%	131.840	27,08%	281.956	27,62%
46 a 55	87.665	16,41%	81.524	16,75%	169.189	16,57%
>=56	28.282	5,29%	24.410	5,01%	52.692	5,16%
TOTAL GALICIA	534.127	100,00%	486.835	100,00%	1.020.962	100,00%

Atendendo á idade e sexo, o maior número de contratos concéntrase na cohorte de idade de entre 26 a 35 anos, acadando a cifra de 318.585 persoas (o 31,20 % do total); séguelle o grupo de 36 a 45 anos con 281.956 persoas (o 27,62 %); deste xeito, podemos afirmar que case seis de cada dez contratos se realizaron a galegos ou galegas de entre 26 a 45 anos.

Se a análise se fai por sexo, tamén son estes dous tramos de idade os que concentran case 6 de cada dez contratos, no caso dos homes, pero redúcese un chisco a dita proporción no caso das mulleres (59,54% e 58,03%, respectivamente).

Contratación por idade e sexo no 2017






2.4.7.- Evolución anual da contratación por idade

						Variación Interanual								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
<=25	132.233	140.353	157.401	177.038	198.540	8.120	6,14%	17.048	12,15%	19.637	12,48%	21.502	12,15%	10,69
26 a 35	261.999	282.699	302.164	307.139	318.585	20.700	7,90%	19.465	6,89%	4.975	1,65%	11.446	3,73%	5,01
36 a 45	184.728	214.070	242.713	264.044	281.956	29.342	15,88%	28.643	13,38%	21.331	8,79%	17.912	6,78%	11,15
46 a 55	99.794	115.915	137.338	151.896	169.189	16.121	16,15%	21.423	18,48%	14.558	10,60%	17.293	11,38%	14,11
>=56	28.024	33.156	38.218	43.997	52.692	5.132	18,31%	5.062	15,27%	5.779	15,12%	8.695	19,76%	17,10
Total Galicia	706.778	786.193	877.834	944.114	1.020.962	79.415	11,24%	91.641	11,66%	66.280	7,55%	76.848	8,14%	9,63

En canto á evolución dos contratos, segundo os datos da táboa anterior, os contratos ascenden dende o ano 2014, así a contratación aumenta de xeito xeneralizado en todas as idades. O ano 2015 é o que presenta os mellores díxitos en case todos os rangos de idade. Finalmente o ritmo de subida, en valores medios, ofrece cifras positivas para o quinquenio en todos os rangos de idades.

Evolución anual da contratación por idade 2017





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017


2.4.8.- Contratos por nivel formativo

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
Ata certificado de escolaridade	185.269	34,69%	130.026	26,71%	315.295	30,88%
BUP / Bacharelato superior / COU	61.598	11,53%	63.168	12,98%	124.766	12,22%
Formación profesional	50.307	9,42%	55.003	11,30%	105.310	10,31%
Outras titulacións	8.818	1,65%	8.787	1,80%	17.605	1,72%
Titulación ensino obrigatorio	202.256	37,87%	180.735	37,12%	382.991	37,51%
Titulados universitarios	25.879	4,85%	49.116	10,09%	74.995	7,35%
TOTAL GALICIA	534.127	100,00%	486.835	100,00%	1.020.962	100,00%

No que atinxe aos contratos por nivel formativo, observamos que hai unha maior presenza de contratos nos niveis de estudos de menor cualificación, a maior presenza cun 37,51% se realizaron para o nivel de "Titulación de ensino obrigatorio" seguido dos que posuían "Ata certificado de escolaridade", os cales supoñían o 30,88%, é dicir, que, máis de dous de cada tres contratados tiñan unha titulación non superior ao ensino obrigatorio. Pola súa parte, os de titulación máis alta, os universitarios, non chegaron a representar o 8%.

Por sexo obsérvase unha maior cualificación na contratación feminina. As mulleres tiveron unha menor porcentaxe de contratos que os homes nos niveis de cualificación máis baixos; en cambio nos niveis máis altos: bacharelato, FP e universitarios, a actividade contractual feminina foi porcentualmente superior. Concretamente, a porcentaxe de contratación a universitarias foi máis do dobre que a rexistrada entre universitarios.

Contratos por nivel formativo 2017




2.4.9.- Evolución anual da contratación por nivel formativo

						Variación Interanual								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade	195.264	227.447	261.781	287.185	315.295	32.183	16,48%	34.334	15,10%	25.404	9,70%	28.110	9,79%	12,73
BUP / Bacharelato superior / COU	93.951	107.520	116.057	117.654	124.766	13.569	14,44%	8.537	7,94%	1.597	1,38%	7.112	6,04%	7,35
Formación profesional	74.438	80.390	91.317	97.351	105.310	5.952	8,00%	10.927	13,59%	6.034	6,61%	7.959	8,18%	9,06
Outras titulacións	5.010	6.731	10.347	13.702	17.605	1.721	34,35%	3.616	53,72%	3.355	32,42%	3.903	28,48%	36,91
Titulación ensino obrigatorio	280.899	303.491	331.740	358.499	382.991	22.592	8,04%	28.249	9,31%	26.759	8,07%	24.492	6,83%	8,06
Titulados universitarios	57.216	60.614	66.592	69.723	74.995	3.398	5,94%	5.978	9,86%	3.131	4,70%	5.272	7,56%	7,00
Total Galicia	706.778	786.193	877.834	944.114	1.020.962	79.415	11,24%	91.641	11,66%	66.280	7,55%	76.848	8,14%	9,63

Como se observa na táboa anterior, rexistrase, un incremento dos contratos en todos os niveis formativos e en todos os anos do período estudado a partir de 2014. Acádanse en case todos os niveis un ritmo de ascenso progresivo, sendo o ano 2015 o de mellor comportamento. Os valores medios son positivos para todos os niveis formativos ao cabo do quinquenio.

Evolución anual por nivel formativo 2017





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.4.10.- Contratos por tipoloxía


	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
Indefinido	35.980	6,74%	19.816	4,07%	55.796	5,47%
Indefinido tempo parcial	7.751	1,45%	17.246	3,54%	24.997	2,45%
Outros	7.688	1,44%	2.846	0,58%	10.534	1,03%
Prácticas/Formación	4.516	0,85%	4.702	0,97%	9.218	0,90%
Temporal	342.875	64,19%	226.618	46,55%	569.493	55,78%
Temporal tempo parcial	135.317	25,33%	215.607	44,29%	350.924	34,37%
Total Resultado	534.127	100,00%	486.835	100,00%	1.020.962	100,00%

No que respecta á contratación por modalidade, as cifras constatan que a temporalidade continúa predominando maioritariamente entre os contratos, englobando a contratación temporal a xornada completa o 55,78% e a de tempo parcial o 34,37%. De tal xeito que o 90,15% dos contratos que se subscriben son temporais. Pola contra, a contratación indefinida só supuxo o 7,92%.

Nas modalidades da contratación por sexo, a temporal foi a máis utilizada en ambos os dous sexos, aínda que dentro da modalidade temporal, mentres na xornada completa predominaban os homes (64,19%), na de a tempo parcial hai unha maior presenza feminina (44,29%). O mesmo sucede na contratación indefinida a tempo parcial. O que nos permite deducir que as mulleres subscriben a maior parte da contratación a tempo parcial.

Por último, na contratación en prácticas/formación o comportamento en ambos os dous sexos foi moi similar, se ben a número de contratos realizados nesta modalidade representan só o un 0,90% do total da contratación en 2017.

Contratos por tipoloxía 2017




2.4.11.- Evolución anual da contratación por tipoloxía

						Variación Interanual								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
Indefinido	35.965	41.552	44.659	49.099	55.796	5.587	15,53%	3.107	7,48%	4.440	9,94%	6.697	13,64%	11,60
Indefinido tempo parcial	17.826	20.237	20.180	22.124	24.997	2.411	13,53%	-57	-0,28%	1.944	9,63%	2.873	12,99%	8,82
Outros	16.146	17.313	16.449	14.507	10.534	1.167	7,23%	-864	-4,99%	-1.942	-11,81%	-3.973	-27,39%	-10,13
Prácticas/Formación	11.093	13.629	17.108	9.684	9.218	2.536	22,86%	3.479	25,53%	-7.424	-43,39%	-466	-4,81%	-4,52
Temporal	384.515	426.475	480.148	521.293	569.493	41.960	10,91%	53.673	12,59%	41.145	8,57%	48.200	9,25%	10,32
Temporal tempo parcial	241.233	266.987	299.290	327.407	350.924	25.754	10,68%	32.303	12,10%	28.117	9,39%	23.517	7,18%	9,82
Total Resultado	706.778	786.193	877.834	944.114	1.020.962	79.415	11,24%	91.641	11,66%	66.280	7,55%	76.848	8,14%	9,63

No tocante á evolución anual da contratación por tipoloxía, observamos que a modalidade temporal é a única que ten un crecemento continuo durante todo o período analizado o que fai que obteña unha variación media anual do 10,32, e do 9,82 no caso da temporal a tempo parcial. A contratación indefinida tamén aporta un gran incremento medio para o quinquenio estudado (11,60), así como os "Indefinidos a tempo parcial" (+8,82). Os contratos en "Prácticas e formación" recúan, pola contra, no quinquenio, en - 4,52, así como a categoría de "Outros" contratos: -10,13.

Evolución anual por tipoloxía 2017





Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.4.12.- Índice de rotación


	Contratos	Contratados	Índice de rotación
2013	706.778	290.492	2,43
2014	786.193	304.572	2,58
2015	877.834	326.420	2,69
2016	944.114	335.560	2,81
2017	1.020.962	359.432	2,84

O índice de rotación expresa a relación entre o número de contratos e o número de persoas contratadas nun período determinado de tempo.

A táboa anterior amosa unha elevada e progresiva rotación no emprego, de feito, a media de contratos que se rexistraron por persoa non deixou de medrar desde 2013, sendo cada ano superior ao ano anterior chegando no ano 2017 a que cada persoa contratada tivo unha media de 2,84 contratos.

Se tomamos como referencia o conxunto do período, observamos como este índice aumentou en 0,41 puntos durante os últimos cinco anos.

Índice de rotación de contratos 2017





2.4.13.- Contratos por sector económicos


	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
SECTOR PRIMARIO	26.157	4,90%	5.601	1,15%	31.758	3,11%
SECTOR SECUNDARIO	96.002	17,97%	58.829	12,08%	154.831	15,17%
SECTOR CONSTRUCCIÓN	44.529	8,34%	2.305	0,47%	46.834	4,59%
SECTOR SERVIZOS	367.439	68,79%	420.100	86,29%	787.539	77,14%
TOTAL GALICIA	534.127	100,00%	486.835	100,00%	1.020.962	100,00%

Polo que respecta á contratación nos diferentes sectores de actividade, tal e como acontecía en anos anteriores, o 77,14% dos contratos realizados en Galicia englobáronse no sector servizos (787.539), estas cifras mostran o predominio dos servizos sobre os outros tres sectores, os cales rexistran o 22,86% restante do seguinte modo: a industria cun peso do 15,17%, por detrás colócase a construción co 4,59%, e, por último, o sector primario segue a ter un papel menor, representando o 3,11%.

Por xénero vemos como o sector servizos foi predominante en ambos os dous sexos; no caso das mulleres, apréciase un predominio case absoluto deste sector, acaparando o 86,29 % da contratación; pola contra no sector construción e no sector primario apenas se contratan mulleres, sendo a súa presenza do 0,47 % na construción e do 1,15 % na agricultura e pesca.

No caso dos homes, a pesar de que tamén hai un peso moi importante do sector servizos (68,79%), tamén é certo que hai maior presenza masculina nos outros sectores, especialmente no sector secundario cun 17,97%, seguido polo sector da construción co 8,34%, e incluso no primario rexistran o 4,90% da contratación.

Contratos por sector económico 2017






Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

2.4.14.- Evolución anual dos contratos por sectores

						Variación Interanual								
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	22.929	25.691	27.814	29.498	31.758	2.762	12,05%	2.123	8,26%	1.684	6,05%	2.260	7,66%	8,48
SECTOR SECUNDARIO	60.456	108.953	125.669	138.255	154.831	48.497	80,22%	16.716	15,34%	12.586	10,02%	16.576	11,99%	26,50
SECTOR CONSTRUCCIÓN	44.355	47.393	50.042	46.747	46.834	3.038	6,85%	2.649	5,59%	-3.295	-6,58%	87	0,19%	1,37
SECTOR SERVICIOS	579.038	604.156	674.309	729.614	787.539	25.118	4,34%	70.153	11,61%	55.305	8,20%	57.925	7,94%	7,99
Total Galicia	706.778	786.193	877.834	944.114	1.020.962	79.415	11,24%	91.641	11,66%	66.280	7,55%	76.848	8,14%	9,63

Se analizamos a evolución da contratación por sector económico nos últimos anos, baseándonos nos datos que ofrece a táboa, pódese destacar que nos exercicios 2014 e 2015, todos os sectores amosan unha tendencia positiva na serie. En 2016, en cambio, o sector da construción perdeu 3.295 contratos con respecto ao ano anterior. Hai que subliñar o forte aumento do sector industrial ("Sector Secundario") que presenta unha variación media positiva do 26,50, a máis alta de todos os sectores en todo o período, en boa parte debido ao excepcional comportamento rexistrado no exercicio de 2014 (80,22%).

Evolución anual dos contratos por sectores 2017





2.4.15.- Contratos por gran grupo de ocupación

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	82.914	15,52%	17.379	3,57%	100.293	9,82%
DIRECTORES E XERENTES	1.059	0,20%	737	0,15%	1.796	0,18%
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	19.312	3,62%	39.801	8,18%	59.113	5,79%
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	144.670	27,09%	132.900	27,30%	277.570	27,19%
OCUPACIÓNS MILITARES	26	0,00%	16	0,00%	42	0,00%
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	62.635	11,73%	12.618	2,59%	75.253	7,37%
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	40.812	7,64%	46.350	9,52%	87.162	8,54%
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	41.098	7,69%	31.716	6,51%	72.814	7,13%
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	10.607	1,99%	1.532	0,31%	12.139	1,19%
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	130.994	24,52%	203.786	41,86%	334.780	32,79%
Total Galicia	534.127	100,00%	486.835	100,00%	1.020.962	100,00%

Do total de contratos rexistrados por gran grupo de ocupación, o 32,79% realizáronse con "Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores", seguido polo grupo de "Ocupacións elementais" co 27,19%; de xeito que, aproximadamente, seis de cada dez contratos rexistráronse nestes dous grandes grupos. O resto dos grupos presentan un peso moi inferior, que iría desde os "Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalación e maquinaria) co 9,82% aos "Directores e xerentes" co 0,18%.

Por xénero, os dous grupos que predominaron na contratación feminina foron os mesmos que para a totalidade. Pero no caso dos homes a situación invertece, de maneira que é no grupo das "Ocupacións elementais" onde máis contratación masculina se rexistra (27,09%), seguido de cerca polo grupo de "Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores" (24,52%).



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

Contratos por gran grupo de ocupación 2017




2.4.16.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación

	Variación Interanual													
	2013	2014	2015	2016	2017	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	V.M. anual
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓN E MAQUINARIA)	74.507	82.873	92.832	93.645	100.293	8.366	11,23%	9.959	12,02%	813	0,88%	6.648	7,10%	7,71
DIRECTORES E XERENTES	1.469	1.598	1.610	1.688	1.796	129	8,78%	12	0,75%	78	4,84%	108	6,40%	5,15
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	41.359	46.593	50.531	54.137	59.113	5.234	12,66%	3.938	8,45%	3.606	7,14%	4.976	9,19%	9,34
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	185.056	205.030	237.199	261.335	277.570	19.974	10,79%	32.169	15,69%	24.136	10,18%	16.235	6,21%	10,67
OCUPACIÓNS MILITARES	84	49	28	29	42	-35	-41,67%	-21	-42,86%	1	3,57%	13	44,83%	-15,91
OPERADORES DE INSTALACIÓN E MAQUINARIA, E MONTADORES	55.385	59.359	64.361	68.385	75.253	3.974	7,18%	5.002	8,43%	4.024	6,25%	6.868	10,04%	7,96
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	66.469	74.363	77.942	79.431	87.162	7.894	11,88%	3.579	4,81%	1.489	1,91%	7.731	9,73%	7,01
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	46.400	55.014	61.627	66.752	72.814	8.614	18,56%	6.613	12,02%	5.125	8,32%	6.062	9,08%	11,92
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	11.989	11.291	12.440	11.630	12.139	-698	-5,82%	1.149	10,18%	-810	-6,51%	509	4,38%	0,31
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	224.060	250.023	279.264	307.082	334.780	25.963	11,59%	29.241	11,70%	27.818	9,96%	27.698	9,02%	10,56
Total Galicia	706.778	786.193	877.834	944.114	1.020.962	79.415	11,24%	91.641	11,66%	66.280	7,55%	76.848	8,14%	9,63

As maiores evolucións medias no conxunto do período analizado foron en "Técnicos; Profesionais de apoio" (11,92), e en "Ocupacións elementais" (10,67)



Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación 2017



2.4.17.- As dez ocupacións máis contratadas


	HOME	MULLER	Total	%
CAMAREIROS ASALARIADOS	86.416	82.338	168.754	16,53 %
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	49.996	39.060	89.056	8,72 %
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	11.163	44.951	56.114	5,50 %
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	7.381	41.023	48.404	4,74 %
PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	40.246	5.084	45.330	4,44 %
AXUDANTES DE COCIÑA	7.792	19.031	26.823	2,63 %
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	8.784	14.581	23.365	2,29 %
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	15.263	6.434	21.697	2,13 %
COCIÑEIROS ASALARIADOS	7.704	12.337	20.041	1,96 %
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	15.892	239	16.131	1,58 %

A metade (50,51%) dos contratos rexistrados na nosa comunidade no ano 2017 se concentran nestes dez grupos primarios. Cómpre salientar a ocupación de "Camareiros asalariados" co 16,53%, seguido dos "Peóns das industrias manufactureiras" co 8,72% e dos "Vendedores en tendas e almacéns" co 5,50%. Por outra banda, son ocupacións moi consolidadas, xa que son practicamente as mesmas que as dos anos anteriores, polo que mostran as mesmas características: a maioría delas están encadradas no sector servizos, e, en xeral, responden a un baixo nivel de cualificación sen que en moitos casos se requiran coñecementos específicos.



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

As dez ocupacións máis contratadas



2.4.18.- Perfil tipo do contratado en Galicia⁵

Perfil do contratado

Grupo de idade	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ensino obrigatorio
Tipoloxía	Temporal
Sector económico	Servizos
Ocupación máis contratada (SISPE-8 díxitos)	Ocupacións elementais

2.4.19.- Perfil tipo da contratada en Galicia

Perfil da contratada

Grupo de idade	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ensino obrigatorio
Tipoloxía	Temporal
Sector económico	Servizos
Ocupación máis contratada (SISPE-8 díxitos)	Servizos restauración e vendedores

⁵ Para elaborar os informes seguintes tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetido obtidos en cada unha das distintas variables.



3. CONCLUSIÓN

Demografía

Segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2017, a poboación total de Galicia era de 2.708.339 habitantes, dos cales 1.403.947 eran mulleres e 1.304.392 homes.

A poboación estranxeira, acada a cifra de 87.189 persoas, representando o 3,22% da poboación total de Galicia.

Respecto ao ano anterior, a poboación reduciuse en 10.186 persoas (- 0,37%).

Por xénero, nacen máis nenos que nenas e a proporción de homes é lixeiramente superior ata aproximadamente os 40 anos, a partir de aquí a situación cambia e pasan a ser máis numerosas as mulleres aumentando a proporción a medida que avanza a idade, chegando estas ser máis do dobre no grupo de idade de 85 e máis anos.

Perfil sociodemográfico

A taxa de actividade (que é o cociente entre o número total de activos e a poboación total) de Galicia ao rematar o ano 2017 era de 52,98%, diminúe en 0,39 puntos a que había no mesmo período de 2016.

Por sexo, os homes galegos presentan unha taxa de actividade do 57,56%, mentres que a das mulleres é do 48,79%, o que significa que a taxa masculina supera a feminina en case oito puntos.

Se comparamos a taxa de actividade de Galicia coa de España, vemos como a do Estado supera á de Galicia en 5,82 puntos.

A taxa de paro (que é o cociente entre o número de parados e o número de activos) no 4º trimestre de 2017 era do 14,71%, redúcese en máis dun punto e medio (-1,58) en relación ao mesmo período do 2016.

Por sexo, os homes teñen unha taxa de paro do 14,25%; mentres que nas mulleres é do 15,21%, o que supón que a taxa de paro feminina está + 0,96 puntos por riba da masculina.

A nivel estatal a taxa de paro é do 16,55% esta taxa é superior a galega en 1,84 puntos.

A taxa de emprego (que é o cociente entre o número de ocupados e a poboación de 16 e máis anos) da nosa comunidade para o cuarto trimestre de 2017 era de 45,19%, 0,51 puntos máis que no 4º trimestre de 2016.

Por sexo, os homes teñen unha taxa de ocupación do 49,36%, mentres que nas mulleres é do 41,37%, deste xeito, a distancia entre ambos sexos é de case oito puntos a prol dos homes.

Respecto a España, a taxa de ocupación era do 49,07%, 3,88 puntos por riba da de Galicia .



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

Tecido produtivo

O tecido produtivo de Galicia permanece inalterable: as provincias da Coruña e Pontevedra concentran aproximadamente as tres cuartas partes da totalidade, tanto de empresas como dos traballadores e de autónomos.

En relación ao número de empresas por sectores os datos amosan un empeoramento interanual nos catro sectores nos exercicios 2016 e 2017. Porén, a evolución rexistrada entre 2013 e 2015 amosa un incremento de 1985 novas empresas, este crecemento foi resultado do aumento rexistrado na industria, nos servizos e na construción, dado que no sector primario descendieron o número de empresas. Os anos 2016 e 2017 foron anos de descenso xeneralizado, logo dos bos resultados acadados nos dous anos anteriores.

Verbo da evolución do noso tecido produtivo, cómpre salientar a evolución do número de traballadores afiliados á Seguridade Social, evolución que nos últimos anos foi positiva nas catro provincias galegas.

O sector económico que rexistra maior número de autónomos, empresas e traballadores segue a ser o de servizos. É preciso sinalar que neste sector englobanse diversas actividades que van desde a limpeza, a hostalaría, o comercio ou os servizos xurídicos.

Paro rexistrado

A cifra de parados rexistrados nas oficinas de emprego do Servizo Público de Galicia a 31 de decembro de 2017 ascendía a 185.013. Nos últimos doce meses, o paro retrocede en 20.901 persoas (un 10,15% menos).

Por sexo, o desemprego baixa en ambos os dous sexos, pero son os homes os que lideran a caída non só este ano, senón ao longo de todo o período estudado.

Por provincias, Pontevedra e Coruña acaparan maior volume de parados, aproximadamente tres de cada catro parados.

En relación á evolución mensual do paro ao longo dos doce meses de 2017, observamos unha vez máis a estacionalidade do paro, descende dende febreiro a agosto, baixada vinculada fundamentalmente á Semana Santa e o verán é sobe nos meses de setembro, outubro e novembro.

Atendendo aos parados por idade e sexo, o maior número de parados concéntrase na cohorte de idade de 46 a 55 anos, acadando a cifra de 49.241 parados (o 26,61% do total).



Por sexo, no colectivo masculino tamén destaca esa cohorte de idade concentrando o 27,03%, pero no feminino a cohorte de idade que concentra a maior proporción de paradas é o de 36 a 45 anos (27,49%).

De centrármonos no nivel formativo dos desempregados, hai unha maior presenza de parados no nivel máis baixo, "Ata certificado de escolaridade", en concreto, o 42,20%, a continuación sitúanse os que tiñan "Titulación ensino obrigatorio" que concentran o 24,72% dos parados, ou dito doutro xeito, aproximadamente tres de cada catro parados galegos teñen unha titulación de ensino obrigatorio ou menor.

Por sexo, poucas diferenzas hai, pois ambos sexos concentran a maior parte de parados nos niveis máis baixos.

No que se refire aos parados por antigüidade na demanda, podemos afirmar que o colectivo máis prexudicado é o que levaba a procura dun emprego "Máis de 24 meses", os cales acaparan o 31,48% do total dos parados galegos. É dicir, case un de cada tres parados galegos eran parados de *moi longa duración*. Se ademais, lle engadimos os que levaban anotados "de 12 a 24 meses", os cales supoñen o 14,32%, podemos concluír que aproximadamente a metade dos desempregados de Galicia son parados de *longa duración*.

Por sexo, tampouco aquí hai grandes diferenzas, suliñar que nos tramos de maior duración do desemprego, a proporción de desempregados é maior entre as mulleres que entre os homes.

Atendendo aos parados por sector económico de procedencia, rexístrase un predominio do sector servizos, case tres de cada catro parados de Galicia proceden deste sector (64,31%), a continuación, pero a bastante distancia, sitúase a industria co 12,38% do total.

Por sexo, tamén destaca o sector servizos en ambos os dous, pero mentres no colectivo de mulleres as paradas que proceden deste sector supoñen o 75,57% no de homes a proporción é do 54,25%.

No que respecta aos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, o que amosa a cifra máis elevada son os "traballadores dos servizos de restauración persoais protección e vendedores" co 26,12% do total, seguido do grupo de "ocupacións elementais" co 22,43%, de modo que case un de cada dous parados se engloban nestes dous grupos.

Por sexo, no caso das mulleres onde máis paradas hai e no grupo de "traballadores dos servizos de restauración persoais protección e vendedores" (37,41%) e no caso dos homes o grupo con máis desempregados é o de "artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)" co 29,07%.

De centrármonos nas ocupacións máis demandadas polos desempregados os datos amosan que é a de "Dependentes de comercio, en xeral", co 9,77%, seguido do "Persoal de limpeza ou limpador, en xeral" co 6,97% e dos "Empregados administrativos, en xeral" co 6,13%, de modo que só tres ocupacións concentran o 22,87% das ocupacións solicitadas.



Estudo do mercado laboral. Galicia 2017

Por outra banda, trátase de ocupacións onde a maioría dos solicitantes son mulleres, agás as relacionadas coa *construción* e coa *carga e descarga*. E, amais, onde a actividade require un baixo nivel de cualificación.

Contratos

A cifra total de contratos rexistrados nas Oficinas de emprego do Servizo Público de Galicia a 31 de decembro de 2017, ascendía a 1.020.962; dos que 534.127 foron realizados a homes (o 52,32%) e 486.835 a mulleres (47,68%).

No que se refire aos datos rexistrados por provincia, tanto en termos absolutos como relativos, o maior número de contratos correspóndelle á Coruña (428.522), seguida moi de cerca por Pontevedra (406.702), deste xeito, estas dúas provincias acaparan máis de catro de cada cinco contratos de Galicia.

En relación á evolución dos contratos rexistrados por sexo dende o 2013, á evolución deixa unha lectura optimista, a contratación sobe de xeito continuado en ambos sexos dende o ano 2014.

Atendendo á idade, o maior número de contratos concéntrase na cohorte de idade de entre 26 a 35 anos, acadando a cifra de 318.585 persoas (o 31,20 % do total); séguelle o grupo de 36 a 45 anos con 281.956 persoas (o 27,62 %); deste xeito, podemos afirmar que case dous de cada tres contratos se realizaron a galegos e galegas de 26 a 45 anos.

No que atinxe aos contratos por nivel formativo, observamos que hai unha maior presenza de contratos nos niveis de estudos de menor cualificación, a maior presenza, cun 37,51% do total, corresponde ao nivel de "Titulación ensino obrigatorio" seguido dos que posuían "Ata certificado de escolaridade", os cales supoñían o 30,88%, é dicir, que, máis de dous de cada tres parados tiñan unha titulación non superior ao ensino obrigatorio. Pola súa parte, os de titulación máis alta, os *universitarios*, non chegaron a representar o 8%. Por sexo, nas titulacións máis baixas os homes son maioría pero a medida que a titulación aumenta a porcentaxe de mulleres aumenta, así nos "Titulados universitarios" a porcentaxe de participación das mulleres duplica a dos homes.

No que respecta á contratación por *tipoloxía*, as cifras constatan que a temporalidade continúa predominando maioritariamente entre os contratos, englobando a contratación temporal a xornada completa o 55,78% e a de tempo parcial o 34,37%. De tal xeito que o 90,15% dos contratos que se subscriben son temporais. Pola contra, a contratación indefinida só supuxo o 7,92%.

Obsérvase un progresivo aumento da taxa de rotación no emprego. A media de contratos que se rexistrou por persoa medrou desde o ano 2013, sendo cada ano superior á do ano anterior chegando ao ano 2017 no que cada persoa contratada tivo unha media de 2,84 contratos.

Polo que respecta á contratación nos diferentes sectores de actividade, tal e como acontecía en anos anteriores, o 77,14% dos contratos realizados en Galicia englobáronse no sector servizos



(787.539), estas cifras mostran o predominio dos servizos sobre os outros tres sectores, os cales rexistran o 22,86% restante do seguinte modo: a industria cun peso do 15,17%, por detrás colócase a construción co 4,59%, e por último o sector primario segue a ter un papel menor, representando o 3,11% do total.

Por gran grupo de ocupación, o 32,79% realizáronse con “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, seguido polo grupo de “Ocupacións elementais” co 27,19%; de xeito que, aproximadamente, un de cada dous contratos se rexistrou nestes dous grandes grupos de ocupación. De desagregarmos de xeito máis pormenorizado, cómpre salientar como ocupacións máis contratadas as de “Camareiros asalariados” co 16,53%, seguido de “Peóns das industrias manufactureiras” co 8,72% e de “Vendedores en tendas e almacéns” co 5,50%.

galicia

<http://emprego.xunta.es/cualificacions>



XUNTA
DE GALICIA